


O ASCENSO DAS NAÇÕES AUTÓNOMAS

AS VANTAGES INSTITUCIONAIS DE SER ESTADO MEMBRO DA UNIÃO EUROPEA

MATTHEW BUMFORD

CENTRE MAURITS COPPIETERS

2012



«Creo na virtude das nacións pequenas. Creo na virtude das cifras baixas.

O mundo será salvado por uns poucos.»

André Gide

INTRODUCCIÓN

Moita xente ha sentir empatía por Antoine, o protagonista principal da obra fundamental de Sartre *A Náusea*. O que antes semellara normal e cotiá pode comezar a parecer nos inequivocamente insólito. Na nosa existencia, aquilo que nos rodea pode empezar a parecer nos doutro xeito e a nosa percepción muda. Isto pode darse non só a nivel individual, senón tamén colectivamente; e as percepcións da xente de Europa semellan estar a cambiar a nivel colectivo.

As nacións estado de vello xa levan perdido influencia por forzas como a mundialización mais, antiteticamente, Europa está a volveirse máis hiperlocal, cunha nova énfase en culturas que agora reparamos en que non debemos perder. Estas condicións levaron a un novo pulo por restituír as nacións históricas de Europa, que perderan a súa capacidade de expresión e decisión propias. De aí que a cidadanía británica se estea a converter máis que nunca na galesa, escocesa, inglesa e irlandesa, a belga sexa cada vez máis flamenga e valoa, a española sexa substituída pola vasca, catalá e galega e todo isto baixo o concepto máis amplo de sermos europeos e europeas.

Non estou a suxerir en ningún momento que estes avances sexan o resultado dunha crise existencial. Ao contrario, son parte dunha tendencia crecente cara á autodeterminación que está a ter lugar a nivel mundial; unha tendencia que significa que na actualidade haxa 193 membros das Nacións Unidas, cando hai vinte anos había só 159; unha tendencia que presenciou o derrocamento de opresores de Oriente Medio no nome da democracia e unha tendencia que implica que en 2014 o pobo escocés será agasallado cun referendo sobre a súa independencia do Reino Unido.

De feito, se observamos o que está a acontecer en Europa hoxe en día veremos que no Reino Unido o Partido Nacional Escocés (SNP) goberna en maioría nun sistema político deseñado para garantir as coalicións, o SinnFéin volve a formar parte do goberno en Irlanda do Norte e PlaidCymru acaba de finalizar unha lexislatura de catro anos de goberno en coalición no Parlamento de Gales, onde exerceu a súa potestade lexislativa mediante un referendo que logrou unha maioría esmagadora.

En Francia os autonomistas conseguiron conformar unha alianza electoral cos verdes baixo o nome de *EuropeÉcologie*, mentres en España os partidos que aspiran á independencia seguen a conseguir éxitos nas urnas, con referendos informais que demostran a persistencia do entusiasmo pola independencia catalá (Tremlett, 2011). Se cadra o exemplo máis notable de Europa sexa o de Bélxica, que bateu o récord mundial de tempo sen formar goberno tras as eleccións federais de xuño de

2010, un récord de 248 días que ostentaba o Iraq da posguerra. Semella que os valóns e flamengos non son quen, sinxelamente, de concordar nun programa de goberno para Bélxica, en contraste coa súa capacidade para gobernaren os seus respectivos parlamentos de Valonia e Flandres.

‘Hai pouco, xusto ao entrar no meu cuarto, parei en seco ao sentir na man un obxecto frío que chamou a miña atención coma se tivese personalidade propia. Abrín a man e mirei: tan só estaba a agarrar o pomo da porta.

JeanPaulSartre

A presión por un aumento da representación por parte das nacións históricas pero sen estado de Europa medrou durante o século XX e nomeadamente nalgúns dos países europeos máis centralizados como España, Francia, o Reino Unido e Bélxica. Como resultado desta presión, coa entrada ao século XXI, o Reino Unido e España formaran gobernos subestatais para as nacións históricas dos seus territorios mentres que Bélxica se convertera nun estado federal. Con estes acontecementos en mente, en 1995 George Robertson, daquela voceiro da oposición para asuntos escoceses declarou que a descentralización acabaría co nacionalismo «noacto» (Robertson, 1995), isto é, que a oferta e entrega dun goberno subestatal aplacaría aqueles que clamaban pola independencia e acabaría con estas demandas. Porén, non foi iso o que aconteceu.

Con máis perspicacia se cadra, en 1999 o antigo voceiro da oposición para os asuntos de Gales declarou que «a descentralización é un proceso... non un acontecemento» (Davies, 1999). Esta valoración resultou ser a máis veraz, pois as nacións históricas de toda Europa que foron conseguindo máis autonomía miraron de continuar ese proceso, co obxectivo final para moitas de convertérense en membros de pleno dereito da Unión Europea e das Nacións Unidas. O concepto de «independencia en Europa» cobrou así forma institucional.

Tomando estes acontecementos como base coido que unha cousa queda clara: se a tendencia actual se mantén comezaremos a presenciar como nacións sen estado da Unión Europea se separaran dos seus actuais estados membros, algo para o que a Unión Europea semella estar mal preparada. Sinxelamente non existe precedente ningún sobre esta posibilidade, xa que o único exemplo de que unha rexión dun estado membro se separase do que agora é a Unión Europea, aínda que non do estado membro do que formaba parte (neste caso, de Dinamarca), foi a saída de Groenlandia da Comunidade Económica Europea (CEE) en 1985. Así e todo o fascinante dos movementos autonomistas que se dan dentro da Unión Europea actual é precisamente que o que procuran alcanzar é xusto o contrario do logrado por Groenlandia, isto é, a separación dun estado membro sen deixar de pertencer á Unión Europea.

Esta posibilidade non é benvida por parte da Unión Europea, cuxas liñas aínda non son máis ca trazos na area. De feito, o actual presidente do Consello Europeo, Hermann van Rompuy (2011), declarou que o separatismo non fai a Unión máis forte e que non é «a mellor idea para Europa». Mesmo chegou a declarar que non sabe de «ningún partido nacionalista e europeísta de Europa» (van Rompuy, 2010). Isto semella completamente en contra de estudos coma os de SthJolly (2007), que concluíu que os partidos políticos «rexionalistas» son dos máis europeístas e que o son de forma máis sistemática que os partidos da dereita conservadora que dominan a política europea na actualidade.

É fácil ver como os partidos «separatistas» poden semellar hostís á Unión Europea pola sinxela razón de que esta é a postura que previamente adoptaran moitos deles. Porén, os partidos autonomistas xa non ven a Unión Europea coma unha institución que lles quita soberanía e atenúa a posibilidade da independencia, senón coma unha institución que pode, en realidade, facilitala. É neste clima no que, tal e como sinala a eurodeputada JilleEvans (2010), «a ampliación interna implica a incorporación e non o rexeitamento á Unión Europea». Isto foi confirmado por Jolly (2007), quen apunta que «os movementos de organización supranacional e autonomía infranacional poden semellar unha estraña parella pero os seus intereses axúdanse mutuamente».

O propósito deste informe é analizar estes intereses. Nas palabras que seguen valoraremos as vantaxes que pode supor ser un pequeno estado membro da Unión Europea fronte a un goberno subestatal, ou, dito doutro xeito, responderemos á pregunta de se «é mellor ser un pequeno estado membro independente ou unha pequena rexión dependente que pertence a un estado membro maior». Non abordaremos esta pregunta desde o prisma das vantaxes económicas, dado que estas xa foron estudadas noutro lugar¹, senón no que respecta aos alicientes que as institucións da Unión Europea ofrecen aos seus membros de pleno dereito; e por alicientes referímonos ao poder, influencia e representación máxima que se lle outorga a estes. No entanto, primeiro cómpre que establezamos unhas regras básicas. (...)

¹ Para un estudo en profundidade das vantaxes económicas de ser un pequeno estado da Unión Europea consúltese A. Price & B. Levinger (2011), *The Flotilla Effect: Europe's small economies through the eye of the storm*, publicado por JilleEvans MEP e accesible no seguinte enderezo web: www.english.plaidcymru.org/flotilla/?force=1

O PARLAMENTO

Pasamos agora a examinar as vantaxes de ser membro de pleno dereito do Parlamento Europeo, xa que no procedemento lexislativo ordinario esta é a primeira escala dunha proposición de lei feita pola Comisión.

QUE É O PARLAMENTO?

Se a Comisión é o executivo da Unión Europea e o Consello representa os estados membros, daquela o Parlamento podería considerarse o órgano que representa a cidadanía. Como única institución comunitaria que é electa directamente é tamén a única institución que recolle o mandato directo da cidadanía europea.

Desde os seus comezos en 1952 como Asemblea Común da Comunidade Europea do Carbón e o Aceiro (CECA), o Parlamento pasou a ser un órgano electo directamente en 1979 e foi acadando maior poder e influencia nos tratados posteriores.

Hoxe en día o Parlamento está formado por 754 eurodeputados/as, aínda que o Tratado de Lisboa establece a redución do seu número a 751. Os propios membros da cámara elixen o seu presidente por votación entre eles, por un mandato de dous anos e medio. Os/as eurodeputados/as sitúanse en sete grupos políticos, ou ben nunha pequena minoría coñecida como non adscrita.

Como consecuencia do Tratado de Lisboa os membros do Parlamento lexislan mediante o procedemento lexislativo ordinario en practicamente todas as áreas da Unión Europea, entre as que se inclúe o orzamento da Unión Europea, de 129.000 millóns en 2012. Isto significa que, a proposta da Comisión, a lexislación se aproba ou emenda no Parlamento antes de pasar ao Consello, sendo necesaria a aprobación de ambas as institucións. A capacidade para bloquear e emendar practicamente toda a lexislación e nomeadamente o orzamento significa que o Parlamento é unha institución con moito poder na Unión Europea e por tanto pode influír moi directamente no proceso lexislativo.

A potestade do Parlamento para elixir o/a Presidente da Comisión e aprobar a configuración da Comisión proposta por el(a) supón, ademais, que esta cámara ten o potencial de exercer un grao significativo de influencia na composición do órgano executivo da Unión Europea, á marxe de que o use ou non.

A VANTAXE DOS ESTADOS PEQUENOS?


Queda patente que como institución escollida por sufraxio directo, cun poder cada vez maior e que adoita adoptar decisións por maiorías simples, é no interese dos estados membros conseguir tantos eurodeputados/as como lles sexa posible. A oportunidade para aumentar a representación dáse durante a negociación previa á sinatura de cada novo tratado, aínda que con certas advertencias.

Tras o Tratado de Lisboa estableceuse un número mínimo de seis eurodeputados/as por estado membro e un máximo de noventa e nove. A Unión Europea, ademais, utiliza un sistema de proporcionalidade decrecente que supón a sobrerrepresentación dos estados membros máis pequenos con respecto aos de maior tamaño. Isto pode observarse no gráfico n.º 1 que mostramos a continuación, onde canto maiores son os estados membros actuais, menor é o cociente de representación da súa poboación dentro da Unión Europea, medido pola porcentaxe de escanos no Parlamento europeo.

Gráfico n.º 1: Porcentaxe de poboación dos estados membros e porcentaxe de escanos

No gráfico n.º 2 que segue observamos o número de electores/as que representa cada eurodeputado/a (en azul para os países máis poboados –os de máis e 15 millóns de habitantes–, en vermello para os menos poboados e en negro a media da Unión Europea de 667.457 electores/as por eurodeputado/a).

Gráfico n.º 2: Número medio de habitantes que representa cada eurodeputado/a




No gráfico anterior queda claro que o electorado dos estados membros máis pequenos está mellor representado que o dos seus homólogos de máis poboación até o extremo do caso maltés, onde os/aseurodeputados/as dese país representan de media apenas 69.389 electores/as, comparados cos 874.452 electores/as por eurodeputado/ade Francia. Isto está deseñado á mantenta para garantir que os estados membros máis pequenos conserven algún grao de influencia no Parlamento. Como resultado, os membros franceses do Parlamento Europeo representan de media máis de doce veces o electorado de cada eurodeputado/ade Malta. Isto inflúe claramente na democracia, na que os/as eurodeputados/as dos estados membros meirandes representan un electorado moito máis numeroso ca os máis pequenos.

Porén, cómpre salientar que esta non é unha representación perfecta porque non hai ningún método electoral predeterminado para as eleccións da Unión Europea. Os estados membros non están divididos de forma uniforme dentro de cada país e, en consecuencia, mentres os/aseurodeputados/as de Francia, por exemplo, representan unha das oito circunscricións electorais máis pequenas nas que se divide o electorado francés, os/as eurodeputados/as de España representan, tecnicamente, toda a poboación porque non hai divisións electorais en España. Con iso e con todo, o gráfico n.º 2 mostra que a razón media entre o número de habitantes nos estados membros máis pequenos e o número de eurodeputados/as que lles corresponde outórgalles un nivel de representación moito máis conveniente que o dos seus homólogos meirandes.

Non obstante, isto non é de todo certo para aqueles gobernos subestatais cunha poboación de menos de 15 millóns –que nos levaría a sinalalos como estados membros pequenos–, tal e como pode comprobarse no gráfico 3, onde se mostran en verde os principais gobernos subestatais de estados membros emerxentes.

Gráfico n.º 3: Número medio de habitantes representado por cada eurodeputado/a, gobiernos subestatais incluídos



O gráfico n.º 3 mostra claramente que os gobernos subestatais sofren un nivel de representación máis baixo cós pequenos estados independentes. De feito, tres das catro áreas peor representadas son gobernos subestatais na actualidade, e tan só o País Vasco e Flandres gozan dunhas cifras razoables de representación en eurodeputados/as por habitante, aínda sendo máis baixas da que lles correspondería de seren estados membros. Cataluña, pola contra, cunha poboación de máis de sete millóns, sitúase con só sete eurodeputados/as, o que significa que cada eurodeputado/a representa unha media de máis dun millón de electores/as. Isto converte a Cataluña no goberno subestatal peor representado, con diferenza. A situación de Galicia e Escocia non é moito mellor, mentres que Gales, Irlanda do Norte e Valonia quedan con baixos niveis de representación en relación coa súa poboación.

Curiosamente, se engadísemos os niveis de representación de Inglaterra e Castela, atopariámonos con que Inglaterra ten unha representación peor que a dos gobernos subestatais do Reino Unido². Así, se ben Gales, Escocia e Irlanda do Norte están moi infrarrepresentados en comparación cos membros de pleno dereito da Unión Europea, si obteñen unha parte razoable dos eurodeputados/as británicos/as. Isto indícanos que non sería posible redistribuír os/as eurodeputados/as do Reino Unido doutro xeito. En vez disto, semella que a condición de membros de pleno dereito da Unión Europea sería a única vía ao alcance de Gales, Escocia e Irlanda do Norte para homologaren o seu nivel de representación ao dos países membros da Unión Europea.


Este, no entanto, non é o caso español, no que Castela goza dun nivel de representación moito maior que o de Galicia ou o de Cataluña. Hai, polo tanto, razóns sólidas para esixir unha reforma do sistema

² Consúltese o apéndice 1 para coñecer os datos polo miúdo.

electoral en España que leve unha distribución máis xusta de escanos, á marxe de que os gobernos subestatais de Cataluña, Galicia e o País Vasco se convertan en membros de pleno dereito da Unión Europea.

A disparidade entre os membros de pleno dereito e os gobernos subestatais obsérvase tamén no gráfico n.º 4, que mostra a porcentaxe de poboación e mais a de escanos ordenadas en función da poboación, de tal xeito que os países membros e os gobernos subestatais de tamaño similar aparecen contiguos, cunha liña que marca a tendencia da porcentaxe de escanos dos membros de pleno dereito. Os estados membros aparecen en vermello, os gobernos subestatais en verde as súas poboacións en azul.

Gráfico 4: Porcentaxe de poboación da Unión Europea e porcentaxe de escanos no Parlamento




Volve quedar patente que a porcentaxe de escanos que reciben os gobernos subestatais en comparación cos membros de pleno dereito deixa os primeiros en desvantaxe. No gráfico n.º 4 parecería lóxico esperar que as barras verdes se aproximasen á liña que marca a tendencia. No canto disto, só Flandres e Valonia se achegan dalgunha maneira á dita liña, e isto débese a que estes dous gobernos subestatais pertencen a un país pequeno coma Bélxica, e non a estados de maior tamaño coma España ou o Reino Unido. Xa que logo, tendo Bulgaria e Cataluña practicamente a mesma poboación, Bulgaria ten 18 eurodeputados/as mentres que Cataluña só 7. Escocia ten medio millón máis de habitantes que Irlanda e, así e todo, ten a metade de eurodeputados/as ca esta. As poboacións de Gales e Galicia superan en máis dun millón á de Eslovenia e porén Eslovenia ten máis do dobre de escanos que ambas as dúas.

No gráfico n.º 5 esta discrepancia apréciase mellor, ao presentárense os/as eurodeputados/as e as poboacións dos países membros nun gráfico de dispersión, e analizarse tamén a relación entre

eurodeputados/as e gobernos subestatais. A liña de tendencia automática mostra a media para os países de pleno dereito; canto máis se achegan á liña, mellor, aínda que queda claro que a maioría dos gobernos subestatais se sitúan ben lonxe dela.

Gráfico n.º 5: Relación eurodeputados/as vs. poboación: membros de pleno dereito e gobernos subestatais



A DISCREPANCIA

Tras constatar que os gobernos subestatais gozan dun nivel de representación baixo no Parlamento se os comparamos con aqueles membros de pleno dereito de tamaño semellante, analizaremos a continuación o nivel de representación que cabería agardar de convertérense en membros de pleno dereito da Unión Europea. Para iso, cómpre ter en conta primeiro a forma en que a Unión Europea establece o número de eurodeputados/as por estado membro, baseado nunha combinación de poboación, sobrerrepresentación dos estados membros pequenos e negociación. O último destes factores imposibilita a definición dun método perfecto para determinar os eurodeputados/as que lles correspondería nun futuro aos potenciais estados membros. Con iso e con todo, si é posible crear unha liña de axustamento teórica que se achegue ao resultado probable. Esta liña de axustamento pode verse no gráfico 6.

Ao crearmos unha liña de axustamento, o noso primeiro instinto sería o de utilizar unha relación linear entre a poboación e os escanos, pero isto non nos permitiría amosar a sobrerrepresentación aceptada para os países pequenos dentro da Unión Europea. Decidimos por tanto escoller un polinomio de segundo grao cun coeficiente negativo para o segundo termo que nos permita unha penalización crecente sobre o tamaño da poboación.


Coidamos que os coeficientes escollidos son os que mellor recollen a actual dispersión dos datos. Comezamos cunha liña de axustamento polinómica de segunda orde, limpamos os coeficientes

e pouco máis. Ao engadirmos o número mínimo de 6 escanos por estado membro, non chegamos á asignación máxima permitida de 99.

A ecuación empregada foi: $N.º \text{ de eurodeputados} = 5 + 1,55x - 0,006x^2$ onde x é a poboación en millóns.

O número de eurodeputados/as foi daquela reducido a escala para dar un total de 754, redondeando.

Gráfico num. 6: Liña de axustamento teórica




Ao empregarmos este método podemos predicir o número probable de escanos que percibiría un estado membro de pleno dereito, segundo a súa poboación. Os resultados da análise preséntanse na táboa n.º 1 e no gráfico n.º 7.

Táboa 1: N.º de eurodeputados/as actuais para os gobernos subestatais e previsión como membros de pleno dereito

Country	Current MEPs	Predicted MEPs	% Change
Catalonia	7	16	114
Flanders	13	15	15
Scotland	6	13	117
Wallonia	9	12	33
Wales	4	10	150
Basque Country	6	9	50
Galicia	3	9	200
Northern Ireland	3	8	167

Gráfico 7: Cambio porcentual no número de eurodeputados/as



No gráfico n.º 7 móstrase o cambio porcentual no número de eurodeputados/as para os gobernos subestatais que se convertan en membros de pleno dereito. Para a maior parte deles o cambio é moi significativo, con tres deles superando o 150%, e amosa o nivel de infrarrepresentación que padecen os gobernos subestatais na actualidade.

Porén, ao utilizarmos esta metodoloxía xorden preguntas en relación co aumento do número total de eurodeputados/as no Parlamento, un feito derivado do aumento de representación para estes gobernos subestatais. Non está claro que a Unión Europea estea polo labor de modificar o Tratado de Lisboa para aumentar o número de eurodeputados/as ata 41 (ou 35, sen contarmos con Irlanda do Norte), coas novas instalacións que isto requiriría e o custo engadido destes eurodeputados/as. Parece, polo tanto, máis que posible que a incorporación de novos membros de pleno dereito á Unión Europea traia consigo a perda de representantes por parte doutros países membros, como aconteceu coas anteriores ampliacións. Na seguinte sección empregaremos, xa que logo, a mesma metodoloxía para calcular a composición do Parlamento Europeo no caso de que os gobernos subestatais se convertan en membros de pleno dereito da Unión Europea, mais sen modificar o número total de eurodeputados/as, que na actualidade é de 754.

PARA CHEGAR AOS 754


Tal e como explicamos na sección anterior, os tratados actuais da Unión Europea determinaron que debería haber un total de 754 membros no Parlamento Europeo. Engadir novos escanos suporía un custo adicional para os contribuíntes comunitarios nun momento no que os gobernos están a facer recortes e a adoptar medidas de austeridade. Aumentar o número de eurodeputados/as implicaría tamén utilizar máis espazo do Parlamento, despachos etc., tanto para os/as representantes como para o persoal ao seu cargo. Semella por tanto máis razoable neste momento redistribuír os escanos existentes restándolles aos estados membros actuais que aumentar o número total de escanos.

Táboa 2: Previsión de eurodeputados/as sobre un total de 751

Country	Population	Current MEPs	Predicted MEPs	% Change
England	52059506	60	64	7
Castile	32961873	38	46	21
Catalonia	7512378	7	15	114
Flanders	6388239	13	13	0
Scotland	5194002	6	12	100
Wallonia	4331008	9	11	22
Wales	2999300	4	9	125
Basque Country	2815266	6	9	50
Galicia	2797653	3	9	200
Northern Ireland	1788900	3	7	133

Este cambio obsérvase máis claramente no gráfico n.º 10⁵, onde se ve que cinco dos gobernos subestatais analizados aumentan polo menos un 100% o seu número de eurodeputados/as. Até Inglaterra e Castela incrementarían o seu número de representantes no Parlamento ao beneficiárense da sobrerrepresentación outorgada aos estados membros máis pequenos.


Gráfico 10: Cambio porcentual no número de eurodeputados



Para finalizarmos a análise das vantaxes de converterse nun membro de pleno dereito da Unión europea, no que a representación democrática no Parlamento se refire, podemos deternos no gráfico n.º 11, que amosa cal sería o número medio de electores/as por eurodeputado/a de seguirmos o modelo exposto. Nel podemos ver como o electorado dos gobernos subestatais analizados recibiría deste modo un nivel apropiado de representación en función do seu tamaño, comparado coa representación anterior, e que os estados membros actuais verían unha pequena baixada na súa representación para daren cabida aos estados emerxentes.

⁵Consúltese o apéndice 3 para coñecer os resultados polo miúdo.

Gráfico 11: Proposta de número medio de electores/as por eurodeputado/a



RESUMO

Nesta sección vimos como o Parlamento Europeo foi evolucionando ata se converter nunha institución con influencia dentro da Unión Europea, formada por 754 eurodeputados/as que son os/as únicos/as representantes das institucións europeas electos/as por sufraxio directo. Dentro do Parlamento os estados membros pequenos están sobrerrepresentados con respecto aos seus homólogos máis poboados, algo que non acontece cos gobernos subestatais. Ben ao contrario, os habitantes de países emerxentes como Cataluña, Galicia, Escocia e Gales encóntranse entre os pobos peor representados numericamente dentro da Unión Europea.

Baseándonos na distribución actual de eurodeputados/as, os cálculos aproximados para predicir o número aproximado destes representantes que lles correspondería aos países emerxentes suxiren que a maioría dos países emerxentes presenciarían un grande aumento no seu número de eurodeputados/as asignados/as de convertérense en membros de pleno dereito da Unión Europea.

En consecuencia, ao considerarmos o nivel de representación no Parlamento e a capacidade de influencia que esta supón na aprobación de lexislación comunitaria, hai claros alicientes para que os países emerxentes pasen a ser membros de pleno dereito da Unión Europea fronte á posibilidade de continuaren como gobernos subestatais dentro dun estado membro de maior tamaño. (...)

CONCLUSIÓN

Este informe analizou as vantaxes institucionais que traería consigo a incorporación á Unión Europea con respecto ás tres institucións comunitarias principais que elaboran lexislación comunitaria: a Comisión, o Parlamento e o Consello da Unión Europea.

Na Comisión todos os estados membros teñen dereito a un(ha) comisario/a. Se ben hai estudos que apuntan á cada vez maior politización dos/as comisarios/as, os estados membros poden exercer certo control sobre eles mediante a designación de cargos e influencia. Os estudos tamén indican que a comisión do teu lado aumenta considerablemente as probabilidades de aprobación da lexislación comunitaria para os estados membros pequenos, polo que ter un(ha) comisario/a propio/a designado/a polo país é un claro aliciente.

Os estudos empíricos realizados sobre o Parlamento mostran que a poboación dos gobernos subestatais analizados se atopa entre a peor representada numericamente na Unión Europea. Isto é especialmente notorio nos casos dos gobernos subestatais de España e o Reino Unido, cuxos ínfimos niveis de representación teñen a súa orixe na pertenza a un estado membro de gran tamaño. Dentro do Parlamento o número de eurodeputados/as calcúlase, en liñas xerais, de forma proporcional á poboación pero a súa distribución equilibrase a favor dos países máis pequenos. De aí que o estudo que realizamos mostrase que unha representación axeitada só se conseguiría coa incorporación destes como membros de pleno dereito á Unión Europea, o que implicaría un aumento significativo da cota de eurodeputados/as para a gran maioría dos gobernos subestatais analizados e un nivel de representación como membros independentes de pleno dereito.

Na sección final estudamos o Consello da Unión Europea e apreciamos que os gobernos subestatais analizados teñen moitas dificultades para influíren na decisión adoptada polo estado membro ao que pertencen. É máis, no Reino Unido os/as funcionarios/as non electos/as teñen prelación sobre os/as ministros/as electos/as democraticamente dun goberno subestatal, mesmo cando as políticas que se discuten son de maior relevancia para o goberno subestatal que para o central. Quedou patente que pasar a formar parte da Unión Europea como membros de pleno dereito aumentaría a capacidade destes gobernos subestatais para influíren nas decisións comunitarias grazas ao poder que lles outorga ocupar un escano no Consello da Unión Europea, en contraposición coa menor eficacia do Comité das Rexións.

A condición de membro de pleno dereito tamén comportaría a asunción da presidencia rotatoria do Consello durante seis meses por parte de cada un dos novos membros. Isto daríalles acceso a

información e contactos dos que carecían así como a posibilidade de os seus gobernos participaren máis activamente na Unión Europea. Tamén lles outorga a oportunidade de seren percibidos en todo o mundo como o país que lidera a Unión Europea durante a súa quenda na presidencia.

En conclusión, polo tanto, no que respecta aos alicientes institucionais, é claramente de interese dos gobernos subestatais non seguir a estar representados na Unión Europea polos seus países membros actuais senón representarse a si mesmos. Acabarei coas palabras do antigo Ministro de Patrimonio galés AlunFfredJones AM (2011), que cando lle preguntaron se Gales tería máis influencia mediante o goberno británico ou pasando a ser independente, respondeu: «se a escolla, pura e dura, é entre presionar o goberno británico ou irmos nós alí, daquela eu diría irmos nós alí, sen dúbida».

Tradución realizada pola Fundación Galiza Sempre en novembro de 2012.

A versión completa en inglés deste traballo pódese descargar ou mercar en: <http://www.cmc-foundation.eu>

APÉNDICE 1

Member state	Population	MEPs	Inhabitants per MEP
Malta	416333	6	69388.83333
Luxembourg	502207	6	83701.16667
Cyprus	801851	6	133641.8333
Estonia	1340274	6	223379
Latvia	2248961	9	249884.5556
Slovenia	2054119	8	256764.875
Lithuania	3329227	12	277435.5833
Ireland	4450878	12	370906.5
Finland	5350475	13	411575
Slovakia	5424057	13	417235.1538
Bulgaria	7576751	18	420930.6111
Denmark	5547088	13	426699.0769
Austria	8372930	19	440680.5263
Hungary	10013628	22	455164.9091
Sweden	9347899	20	467394.95
Basque Country	2815266	6	469211
Czech Republic	10512397	22	477836.2273
Wallonia	4331008	9	481223.1111
Portugal	10636888	22	483494.9091
Flanders	6388239	13	491403
Belgium	10827519	22	492159.9545
Greece	11306183	22	513917.4091
Northern Ireland	1788900	3	596300
Netherlands	16576800	26	637569.2308
Romania	21466174	33	650490.1212
EU Average	501259840	751	667457
Poland	38163895	51	748311.6667
Wales	2999300	4	749825
Germany	81757595	99	825834.2929
Italy	60397353	73	827361
Castile	32961873	38	867417.7105
United Kingdom	62041708	73	849886.411
Spain	46087170	54	853466.1111
Scotland	5194002	6	865667
England	52059506	60	867658.4333
France	64709480	74	874452.4324
Galicia	2797653	3	932551
Catalonia	7512378	7	1073196.857